

Os da feira e os do mercado

Anxo Tarrío Varela

O sábado pasado inagurouse con preciosa peza pregoeira de Alfredo Conde a derradeira Feira do Libro compostelá do século XX. O domingo ETA clausurou outra a vida a tiros e non ha ser a derradeira. Poña aquí o lector todo o que me queda dentro.

Quen se tome a molestia de seguir a produción literaria galega dende os *Cantares gallegos* (Rosalía Castro, 1863) até hoxe atoparase co apaixonante proceso de consolidación dunha literatura que tivo que resistir dende aquel entón embates de todo tipo. Pero o máis significativo é o pulo que experimentou en canto puido vivir en democracia.

Por unha parte, dende hai uns vinte anos asistimos a un fenómeno de renovación da tipoloxía do escritor gallego, que, de ofrecer no pasado un perfil predominantemente maduro e masculino, voluntarista, militante político partidista e diletante intuitivo no que se refire ao manexo e pericia da escrita, pasa a amosarnos unha maior diversidade social e ideolóxica, coa vantaxe de que a través da escolarización se perfeccionou filoloxicamente o instrumento de traballo, é dicir, a propia lingua, fixando o estándar culto. Agora é patente a presenza cada vez máis notoria da muller escritora e percíbese a existencia insólita da figura del escritor profesional monolingüe en galego. En fin, a mencionada tipoloxía presenta unha banda de idade que cada vez se anchea máis debido á temperá incorporación das novas xeracións á escritura, feito este que está dando lugar, na consabida loita por ocupar o centro do sistema, a continuos avances nos procesos de ruptura escritural, sobre todo no ámbito da poesía, onde van aparecendo colectivos moi críticos co sistema e o seu canon. Así mesmo é digno de anotar un abano temático moito menos limitado que antes e unh gama de ofertas que satisfai un lectorado máis heteroxéneo.

E da man deste fenómeno emerxente temos outro que tamén compre anotar no “haber” da actividade literaria dos últimos vinte anos: o nacemento e consolidación paulatina da denominada literatura infantil e xuvenil, que a estas alturas, e despois de tan poucos anos de rodamento, conta xa cun importante elenco de escritores e de escritoras, así como de coleccións moi competitivas que fan que esta literatura, en moitos aspectos, se sitúe actualmente á fronte da produción literaria europea do xénero. Boa proba son os premios internacionais que figuran no palmarés galego.

Todo isto, conxuntamente, deu lugar á aparición doutros factores imprescindíbeis para que a complexa maquinaria literaria puidese funcionar como funciona. Así, podemos dicir que da insignificancia

comercial do libro en galego pola volta dos anos setenta pasamos á proliferación de selos editorais con ánimo fundamentalmente mercantil, aunque también cultural, aos que se debe sumar o importante incremento de la edición institucional, excesiva, segundo o parecer da empresa privada. Todo o cal, á súa vez, obrigou a una modernización e posta ao día en aspectos varios, como a produción, distribución, profesionalización, mercadotecnia, etc., e tamén a dúas cousas de grande relevancia: por una parte, unha mellora evidente do deseño do libro, que agora se elabora atendendo a criterios de competitividad e de atractivo estético; por outra, á promoción de coleccións novas, nalgúns casos de xéneros antes inexistentes, como por exemplo o relato literario negro.

En canto ao puntal do repertorio crítico, teórico e historiográfico, tan necesario para a consolidación dun sistema literario, hai que anotar unha crecente maduración, un rigor, uns escrúpulos filolóxicos e unha divulgación que, anque insuficientes en termos absolutos, variaron de xeito substancial, cuantitativa e cualitativamente, de vinte anos a esta parte, tanto no que fai á atención ao corpus medieval lírico e narrativo, coma no que se refire aos escritores contemporáneos, que coñecen agora manuais sistematizadores e edicións das súas obras homologábeis aos que hai nas literaturas do seu contorno. E a todo isto cómpre engadir a crecente atención que se lle está a prestar á tradución de clásicos greco-latinos e, en xeral, á de clásicos e contemporáneos da literatura universal en catálogos institucionais ou privados.

Todo o relacionado até aquí de forma sumaria, unido á modernización das técnicas de mercado, á existencia de soportes cibernéticos en páxinas Web de gran actividad e ao recoñecemento por parte do sector libreiro dunha literatura que por fin é rendíbel, fai que poidamos hoxe mostrar neste rápido repaso á actualidade literaria galega un optimismo razoábel, tan só ensombrecido polo son das pistolas do mercado da morte.